

Este proxecto técnico foi aprobado no Pleno do Consello Galego de
Estatística do día 29 de novembro de 2013

41-201 Empresas TIC de Galicia

PROXECTO TÉCNICO

Esta operación estatística ten por obxecto:

- Estudar e caracterizar a realidade do sector empresarial TIC galego, dado o seu carácter estratéxico no desenvolvemento económico de Galicia e o efecto tractor e dinamizador TIC que exerce no resto de actividades empresariais.
- Servir de elemento de apoio para a definición das políticas públicas en materia da Sociedade da Información e Modernización de Galicia

Normativa e organización

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia, segundo a súa estrutura orgánica e de acordo co ámbito de competencias definidas no Decreto 252/2011, do 15 de decembro (DOG 16 de xaneiro de 2012), configúrase como a axencia pública autonómica que ten por obxecto a definición, desenvolvemento e execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia relativa a tecnoloxías da información e comunicacións, así como innovación e desenvolvemento tecnolóxico

Dentro das medidas encamiñadas a cumprir con este obxectivo, o Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), www.osimga.org, configúrase como órgano asesor para a valoración da evolución da sociedade da información, a modernización administrativa e a administración electrónica nas administracións públicas de Galicia, e para a participación e colaboración coas distintas Administracións públicas nestas materias, e contribuír á promoción e extensión da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia.

Ademais, o OSIMGA é un sistema de información para a análise, comparación, seguimento e divulgación de datos, información e coñecementos nas devanditas materias.

O OSIMGA foi creado e regulado polo Decreto 21/2010, do 4 de febreiro de 2010 (DOG 26 de febreiro de 2010) e modificado polo Decreto 57/2013, do 11 de abril (DOG 12 de abril de 2013), e adscíbese á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), dependente de Presidencia da Xunta de Galicia.

Funcións do observatorio:

Para o cumprimento dos seus fins, o OSIMGA terá como principais funcións as seguintes:

- a) Desenvolver ou promover recompilacións, estudos e análises de datos que permitan coñecer cunha visión global o nivel de desenvolvemento, a tendencia e as posibles

problemáticas que poden afectar a extensión da Sociedade da Información en Galicia e á aplicación do modelo de eGoberno nas administracións públicas galegas.

b) Facilitar análises comparativas e aliñacións dos datos dese nivel de desenvolvemento e tendencia con outros marcos xeográficos.

c) Promover nas materias propias do observatorio o intercambio de experiencias e información cuantitativa e cualitativa, así como a cooperación entre administracións, observatorios e outros organismos ou entidades, públicas ou privadas, profesionais e investigadores de ámbito autonómico, nacional ou internacional.

d) Impulsar a organización de eventos formativos, reunións de expertos ou de grupos de traballo ad hoc que contribúan ao mellor cumprimento dos seus obxectivos.

e) Promover e xestionar a elaboración e difusión de publicacións técnicas, impresas ou electrónicas, específicas e monográficas ou de publicación periódica.

f) Xestionar e ofrecer periodicamente e, como mínimo, a través dunha web específica, información sobre o nivel de desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia, eventos formativos, noticias de actualidade, ou enlaces con outras fontes de información, observatorios da calidade ou outras entidades ou institucións de interese.

g) Elaborar e presentar publicamente informes nos cales se reflectan o estado de situación ou a evolución prevista en relación coas materias obxecto do Observatorio.

h) Facilitar datos a outros organismos e entidades con competencias específicas na materia, no que se refira á Administración electrónica nas administracións públicas e ao desenvolvemento da Sociedade da Información, actuando sempre no marco establecido pola normativa vixente nas materias estatísticas e de protección de datos de carácter persoal.

i) Analizar o estado de desenvolvemento da Sociedade da Información para toda a cidadanía e, en especial, no que respecta ás mulleres, ás persoas con discapacidade, ás persoas maiores e aos colectivos con risco de exclusión, promovendo liñas de actuación que potencien a súa incorporación e permanencia activa en condicións de igualdade efectiva.

j) Avaliar e servir de elemento para a definición de políticas públicas en materia de sociedade da información e modernización da Administración, especialmente desde a óptica estratéxica.

Estrutura do Observatorio:

Como órgano asesor, o OSIMGA estrutúrase nun pleno e en grupos de traballo técnico:

O Pleno do OSIMGA ten a seguinte composición:

a) Presidente/a: a persoa titular da Dirección da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

b) Vogais:

b.1) A persoa titular da Dirección da Área de Sociedade Dixital da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

b.2) A persoa titular da Dirección da Área de Modernización das Administracións Públicas da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

b.3) A persoa titular da Dirección da Axencia Galega de Innovación.

b.4) A persoa titular da Dirección Xeral de Administración Local da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

b.5) A persoa titular da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

b.6) A persoa titular da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda.

b.7) A persoa titular da Dirección do Instituto Galego de Estatística.

b.8) Unha persoa titular de competencias no ámbito da sociedade da información e a modernización pertencente á Administración xeral do Estado.

b.9) Unha persoa representante das universidades públicas de Galicia, designada por proposta do Consello Galego de Universidades.

b.10) Unha persoa representante dos concellos de Galicia designada por proposta da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp).

b.11) Unha personalidade de recoñecido prestixio a nivel autonómico, nacional ou internacional en materia de sociedade da información.

b.12) Unha personalidade de recoñecido prestixio a nivel autonómico, nacional ou internacional en materia de modernización administrativa.

b.13) Unha persoa representante de cada un dos sindicatos presentes na mesa Xeral de Negociación das Administracións Públicas.

b.14) Un número de persoas equivalente ao de representantes sindicais designadas por proposta da Confederación de Empresarios de Galicia

c) Secretario/a: unha persoa pertencente á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia con nivel mínimo de xefe de departamento, que exercerá as funcións que lle atribúe o artigo 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e desenvolverá as súas funcións con voz pero sen dereito a voto».

Unidades estatísticas

A empresa TIC é a unidade básica de análise, considerando sociedades e persoas físicas con actividade en Galicia, adicadas a actividades relacionadas coas Tecnoloxías da

Información e Comunicación (Manufactureiras, Comerciais, Telecomunicacións, Actividades informáticas e Outros Servizos TIC). A continuación, descríbense as actividades CNAE que forman parte do sector TIC.

Descrición do sector TIC

O denominado sector TIC está formado polas industrias manufactureiras ou de servizos nas que a súa actividade principal está vencellada co desenvolvemento, produción, comercialización e uso intensivo das tecnoloxías da información e as comunicacións. O sector TIC caracterízase por altas taxas de innovación, progreso tecnolóxico e produtividade, polo que ten un considerable impacto na actividade económica.

A efectos estatísticos, a definición de sector TIC realízase mediante unha enumeración exhaustiva das ramas de actividade correspondentes ás empresas TIC (enfoque por sectores). Para determinar a lista de actividades, partiuse dos traballos metodolóxicos levados a cabo polos principais organismos internacionais, a Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos (OCDE) e a Oficina europea de estatística (Eurostat), co fin de definir os conceptos e harmonizar a metodoloxía. A OCDE desempeña un papel fundamental no estudo do sector TIC no escenario internacional, tal é así que o WPIIS (*Working Party on Indicators for the Information Society*) ten coma unha das súas encomendas principais a definición do sector TIC.

Os resultados da enquisa ás Empresas do Sector TIC basearanse na definición establecida en termos da NACE Rev.2 e CNAE-2009. Na táboa I relaciónase o listado de actividades que conforman o sector TIC en termos da NACE Rev. 2 e CNAE 2009 xa que nestas categorías coinciden ambas as dúas tanto en código como en título e contido.

Táboa I: Definición do sector TIC
(En base ISIC Rev.4, NACE Rev.2 -CNAE 2009)

ISIC (Rev.4)	NACE Rev.2 CNAE 2009	ACTIVIDADE
INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS TIC		
2610	26.11	Fabricación de compoñentes electrónicos
	26.12	Fabricación de placas electrónicas cargadas
2620	26.20	Fabricación de ordenadores e equipo periférico
2630	26.30	Fabricación de equipos de comunicacións
2640	26.40	Fabricación de aparatos de consumo electrónico

ISIC (Rev.4)	NACE Rev.2 CNAE 2009	ACTIVIDADE
2680	26.80	Fabricación de soportes magnéticos e ópticos
INDUSTRIAS COMERCIAIS TIC		
4651	46.51	Comercio polo xunto de ordenadores, equipo informático periférico e programas informáticos
4652	46.52	Comercio polo xunto de equipo electrónico de telecomunicacións e das súas partes e pezas
INDUSTRIAS DE SERVIZOS TIC		
ACTIVIDADES DE PUBLICACIÓN TIC		
5820	58.21	Industria editorial de xogos de ordenador
	58.29	Outros tipos de edición de programas informáticos
TELECOMUNICACIÓNS		
6110	61.10	Actividades de telecomunicacións por cabo
6120	61.20	Actividades de telecomunicacións sen fíos
6130	61.30	Actividades de telecomunicacións por satélite
6190	61.90	Outras actividades de telecomunicación
ACTIVIDADES DA TECNOLOXÍA DA INFORMACIÓN E DO SERVIZO INFORMATIVO		
6201	62.01	Actividades de programación informática
6202	62.02	Actividades de consulta de tecnoloxía da información
	62.03	Actividades de dirección de instalacións de ordenador
6209	62.09	Outras actividades de tecnoloxía de información e servizo de ordenadores
PORTAIS WEB, PROCESAMENTO DE DATOS, ALOXAMENTO E ACTIVIDADES CONEXAS		
6311	63.11	Procesamento de datos, aloxamento (hosting) e actividades conexas
6312	63.12	Portais web
REPARACIÓN DE ORDENADORES E EQUIPOS COMUNICACIONAIS		
9511	95.11	Reparación de ordenadores e equipo periférico
9512	95.12	Reparación de equipos comunicacionais

Variables

Neste apartado recóllense, de forma xenérica, os temas a investigar. No cuestionario preséntanse, co maior nivel de detalle, as variables investigadas. No anexo I deste proxecto figura o cuestionario utilizado para a recollida de información correspondente ao ano 2013. Se ben o cuestionario ten un núcleo central de preguntas estable, vén sufrindo cada ano lixeiras variacións, polo que cada ano achegarase o cuestionario correspondente.

Datos xerais da empresa

Este apartado recolle información sobre:

- Ámbitos da actividade da empresa segundo a clasificación CNAE 2009 anteriormente descrita.
- Condición xurídica da empresa
- Localización dos seus centros produtivos

Información económica e de ámbitos de mercado

Este apartado recolle información sobre:

- Evolución da cifra de negocio da empresa (Cifra de negocio: o volume de vendas, sen computar o IVE, acadado pola empresa durante un exercicio anual)
- Distribución da cifra de negocios segundo o emprazamento dos clientes.
- Distribución da cifra de negocios segundo a tipoloxía dos clientes.

Persoal

Este apartado recolle información sobre:

- Xénero e titulación do persoal da empresa
- Número de traballadores por conta allea e propia
- Composición do cadro de persoal segundo as funcións desenvolvidas na empresa.

Formación e certificacións de calidade

Este apartado recolle información sobre:

- Formación anual en TIC dos traballadores da empresa.
- Disponibilidade de certificado de calidade

Actividades en I+D+i

A I+D+i defínese como o conxunto de traballos creativos que se emprenden de modo sistemático co fin de aumentar o volume de coñecementos, así como a utilización desa suma

de coñecementos para concibir novas aplicacións. A I+D+i engloba tres tipos de actividades: a investigación básica, a investigación aplicada e o desenvolvemento tecnolóxico.

Este apartado recolle información sobre:

- Traballadores/as da empresa dedicados a tarefas de I+D+i.
- Realización de actividades de I+D+i.
- Obtención de resultados de I+D+i comercializables.

Innovacións e dereitos da propiedade intelectual e industrial

Este apartado recolle información sobre:

- Introducción de bens e servizos mellorados de xeito significativo.
- Rexistro de patentes e dereitos da propiedade intelectual e industrial.

Equipamentos e servizos TIC

Este apartado recolle información sobre:

- Disponibilidade de equipamento TIC
- Teletraballo
- Ferramentas informáticas de xestión empresarial e intercambio automatizado de datos (O intercambio automatizado de datos entre empresas pode realizarse: vía Internet, outras redes telemáticas ou nun formato que permita o procesamento automático da información -XML, EDIFACT, JSON...-. Exclúense os correos electrónicos escritos de forma manual.)
- Emprego de factura electrónica
- Cloud Computing

CLOUD COMPUTING é un modelo que permite o acceso baixo demanda e a través da rede a un conxunto de recursos compartidos e configurables (como redes, servidores, capacidade de almacenamento, aplicación ou servizos) que poden ser rapidamente asignados e liberados cunha mínima xestión por parte do provedor do Servizo

Servizos empregados a través de Internet

Este apartado recolle información sobre:

- Contratación de Internet.
- Tecnoloxía contratada.
- Velocidade de conexión.
- Interacción coas Administracións Públicas
- Presenza nas redes sociais

- Emprego da sinatura dixital

Páxina web

Este apartado recolle información sobre:

- Disponibilidade de páxina web
- Cumprimento das normas de accesibilidade

Comercio electrónico

Este apartado recolle información sobre:

- Compras a través do comercio electrónico: realización de pedidos/reservas de bens ou servizos a través de Internet ou outras redes telemáticas, excluindo correos electrónicos escritos manualmente
- Venda a través do comercio electrónico: recepción de pedidos/reservas de bens ou servizos a través de Internet ou outras redes telemáticas, excluindo correos electrónicos escritos manualmente
- Distribución das vendas a través do comercio electrónico por área xeográfica e por tipo de cliente.

Módulo de software libre

No caso das empresas dedicadas a actividades e servizos informáticos (CNAE 2009: 62, 63.11, 63.12, 58.2, 95.1, 46.5), que non son persoas físicas, realizarase, ademais, un módulo sobre a situación do software libre.

Este módulo analiza a implantación do Software libre e privativo nas empresas informáticas e a oferta de produtos e servizos en Software Libre, desde o punto de vista das empresas informáticas como provedoras de solucións TIC. Neste módulo empregaranse as seguintes definicións:

Software Libre (SL): programas informáticos que se poden estudar, modificar e redistribuír libremente sen ter que pagar por iso. Por exemplo: GNU/Linux, Open Office.org, Mozilla Firefox, PHP, MySQL, etc.

Software Privativo (SP): programas informáticos que NON se pode copiar ou distribuír libremente, e para utilizalo págase unha licenza. Por exemplo Microsoft Windows, Microsoft Office, Word, Excel, Contaplus, MacOS, Solaris, etc. Hai tamén algúns programas como Winzip, Rar, Acrobat Reader que son gratis e que se poden obter libremente, pero que non son SL pois o seu propietario non concede licenza para redistribuír o software.

- Emprego de software libre e software privativo en servidores.

- Emprego de sistemas operativos libre e privativo en servidores.
- Uso de aplicacións libres e aplicacións privativas en servidores.
- Emprego de software libre e software privativo en ordenadores de usuario.
- Emprego de sistemas operativos libre e privativo en ordenadores de usuario.
- Uso de aplicacións libres e aplicacións privativas en ordenadores usuario.
- Tipoloxía das aplicacións (libres e/ou privativas) nos ordenadores de usuario.
- Formación en software libre e privativo.

Consideraranse ordenadores de usuario: ordenadores de sobremesa ou portátiles que serven como posto de traballo aos empregados dunha empresa.

Consideraranse servidores: ordenador físico ou virtual que forma parte dunha rede e prové servizos a outros ordenadores denominado clientes. Algúns exemplos son servidores de ficheiros, de correo, web, bases de datos, de servizos de rede, firewall, etc...

A empresa TIC como provedora de solucións TIC

- Tipoloxía de produtos e servizos ofrecidos.
- Actividades desenvolvidas en relación ao Software Libre
- Barreiras para ofrecer produtos en Software Libre.

Procesamento de datos

Deseño mostral

O marco mostral contemplado son as empresas con actividade en Galicia adicadas ás actividades CNAE09 que conforman o sector TIC segundo a clasificación Nace Rev. 2 anteriormente descritas.

Tomando como fonte de información o Directorio de Empresas máis actualizado dispoñible no momento de elaboración deste proxecto técnico, e a través dunha explotación específica, a distribución do universo de empresas TIC cuantifica un total de 2.073 sociedades e persoas físicas operando en Galicia.

A poboación estratificarase segundo actividade, intervalos de emprego e condición xurídica e seleccionárase unha mostra aleatoria simple en cada estrato. A definición do estrato ven determinado polas seguintes variables:

Actividade CNAE 2009

Empresas e persoas físicas con actividade encadrada nos seguintes epígrafes CNAE09:

- Manufactureiras TIC (CNAE: 26.1, 26.2, 26.3, 26.4, 26.8)
- Comerciais TIC (CNAE: 46.5)
- Telecomunicacións (CNAE: 61.1, 61.2, 61.3, 61.9)
- Actividades informáticas (CNAE: 62.0, 63.1)
- Outros servizos TIC (CNAE: 58.2, 95.1)

Intervalos de emprego:

- De 0 a 2 asalariados/as
- De 3 a 9 asalariados/as
- De 10 a 49 asalariados/as
- De 50 ou máis asalariados/as

Condición xurídica:

- Persoas físicas
- Sociedades e outras formas xurídicas

Amosamos a continuación a distribución poboacional das empresas cos datos do Directorio de Empresas TIC actualmente dispoñible (IGE- 2011):

Empresas con actividade en Galicia segundo agrupacións da CNAE 2009, por estrato de asalariados e forma xurídica. Ano 2011

Estrato de asalariados	Forma xurídica	Manufactureiras TIC (26.1, 26.2, 26.3, 26.4, 26.8)		Comerciais TIC (46.5) (61.1, 61.2, 61.3, 61.9) 63.1)			Actividades Informáticas (62.0, 63.1)		Outros servizos TIC (58.2, 95.1)	TOTAL
		37	53	227	53	35	460	184		
de 0 a 2 asalariados	Persoas físicas	37	53	227	53	35	460	184	769	
	Sociedades e outras formas xurídicas	53	227	53	94	600	71	1.045		
	Total	90	280	129	1.060	255	1.814			
de 3 a 9 asalariados	Persoas físicas	0	2	1	0	2	5			
	Sociedades e outras formas xurídicas	10	59	11	146	23	249			
	Total	10	61	12	146	25	254			
de 10 a 49 asalariados	Persoas físicas	0	0	0	0	0	0			
	Sociedades e outras formas xurídicas	9	22	6	63	10	110			
	Total	9	22	6	63	10	110			
de 50 ou máis asalariados	Persoas físicas	0	0	0	0	0	0			
	Sociedades e outras formas xurídicas	5	3	7	20	35	35			
	Total	5	3	7	20	35	35			
PERSOAS FÍSICAS		37	55	36	460	186	774			
SOCIEDADES E OUTRAS F.X.		77	311	118	829	104	1.439			
TOTAL		114	366	154	1.289	290	2.213			

Fonte: IGE. Explotación ad hoc do directorio de empresas e unidades locais 2011

O tamaño da mostra determinarase para que o error mostral sexa mínimo e así, cun nivel de confianza do 95,5% (2 sigmas) e $p=q= 0,5$, a marxe de erro mostral para o conxunto da mostra será, como máximo, de +4,53. Tomando como referencia o Directorio de Empresas e Unidades Locais do IGE correspondente ao ano 2011, o tamaño da mostra resultante sería de 400 unidades.

A afixación mostral será proporcional, de xeito que a mostra se dividirá proporcionalmente ao número de empresas de cada estrato.

Realizarase unha selección aleatoria de unidades en cada estrato. Para a súa materialización, tomando como marco a relación de empresas do directorio de empresas e unidades locais (IGE) enmarcadas dentro do sector TIC, seleccionárase informaticamente con criterios aleatorios as empresas que formarían parte da mostra titular e substituta.

Directorios de localización de empresas TIC

Dado que esta operación estatística está incluída no IV Plan Galego de Estatística 2012-2016 e nos seus Programas Estatísticos que o desenvolven, solicitarase anualmente ao IGE a mostra titular e 2 elementos mostrais substitutos por estrato, correspondente do directorio de empresas que se axuste as características do deseño mostral anteriormente descrito, así como os tamaños poboacionais de cada estrato que permitan determinar os factores de elevación.

Recollida dos datos

As tarefas a executar durante esta fase serían:

- Primeiro contacto telefónico co potencial informante
- Emisión do mailing informativo aos informantes colaboradores
- Recollida e acumulación da información
- Supervisión da recollida de información e establecemento de controis de calidade sobre o traballo de campo.
- Depuración de microdatos.
- Plan de Explotación.
- Execución da tabulación.

Estas tarefas realizaranse no 1º semestre de cada ano.

Descrición detallada destas tarefas

En primeiro lugar, iniciaranse progresivamente os contactos das empresas e a emisión do *mailing* ás contactadas, dando lugar ao inicio do traballo de campo.

Así, sobre as empresas que configurarán a mostra titular, realizarase un contacto telefónico sistemático inicial con todas as empresas participantes, o que aporta significativas vantaxes:

- Permite informar ás empresas da execución da estatística, da súa condición de unidade mostral e dos principais obxectivos da operación.
- Ratifica a coherencia da unidade mostral: empresa en alta, con actividade, con/sen traballadores, etc.
- Comproba a pertinencia da unidade mostral (sector de actividade e número de traballadores/as fundamentalmente) respecto á información do marco.
- Permite confirmar os seus datos de localización para o envío da documentación.
- Reduce o número de entidades que non colaboran por peche temporal ou definitivo, inactividade durante o período a investigar, empresas erroneamente incluídas na mostra, duplicados, fóra de ámbito, ilocalizables ou que amosan modificacións na forma xurídica: fusiós, absorcións, escisións con novo CIF, ou simplemente, ter un domicilio postal novo, ao que se poida chegar mediante as nosas fontes de información.
- Infórmaselles de que en próximas datas recibirá, por correo, a carta de presentación da operación estatística xunto co cuestionario a cumprimentar.
- Da conta ás empresas da metodoloxía da Enquisa e das diferentes modalidades dispoñibles para devolver o cuestionario unha vez cuberto.
- Localiza e identifica, dentro da organización, á persoa idónea para responder á información solicitada no cuestionario.

Unha vez establecido este contacto telefónico previo con cada unidade mostral, emitiríase secuencialmente o *mailing* de contacto coas empresas, a medida que estas son contactadas.

Das anteriores incidencias detectadas, darase conta ao IGE para a actualización/revisión do seu directorio (38-101 Explotación do directorio de empresas e unidades locais).

Remítirase a cada empresa contactada:

- Carta de Presentación da Enquisa, indicando os números 900 de fax para envío e o teléfono disposto para consultas, así como o buzón de correo electrónico habilitado para a recepción de suxestións / consultas dos informantes. Ademais, a carta incluírá a dirección web para cumprimentar o cuestionario por Internet, coa información necesaria para o seu acceso ao sistema, específica e única para cada unidade mostral.
- Exemplar do cuestionario
- Un sobre de resposta a franquear en destino para a devolución postal.

- A restante información precisa que facilite o obxecto da enquisa ao informante: oficialidade da Enquisa, formas de entrega dos resultados, posibilidade de cumprimentación da enquisa mediante acceso web, etc.

Unha vez emitidas as primeiras cartas, e tras un período máximo de dez días dende o día de saída a campo (lanzamento do mailing), procederase a realizar un contacto sistemático con todas as empresas a efectos de subsanar as súas posibles dúbidas e ofrecerlle a súa axuda para a cumprimentación do cuestionario.

Todos os envíos de correo da documentación e das reclamacións escritas que fosen necesarias efectuaranse con sobres e documentación corporativa da Amtega. Presidencia da Xunta de Galicia.

O procedemento para a recollida da información será preferentemente vía Internet ou postal, aínda que en pro da axilidade do operativo aplicaríanse fórmulas mixtas que permitan maximizar os volumes de recollida, apoiándonos de forma moi especial no reforzo telefónico da reclamación de resposta e fomentando expresamente a opción da cobertura electrónica, dada a súa maior axilidade neste tipo de operacións.

Resumidamente, os procedementos a utilizar para a recollida da información serían:

- Vía web (introducindo unha clave ubicada na carta recibida por correo postal/electrónico)
- Por correo electrónico, remitindo o arquivo pdf editable onde o informante pode cubrir o cuestionario.
- Por correo postal
- Por Fax

As empresas poderán optar pola vía máis axeitada ás súas preferencias para transmitir a información solicitada no cuestionario. En calquera caso, enviarase un/unha axente entrevistador/a cando a empresa o precise ou o solicite expresamente.

A continuación, descríbese en detalle cada un dos anteriores métodos de información:

a) Vía web

A través da aplicación web que se deseñará e programará para este fin, os informantes poden cumprimentar o cuestionario electronicamente. Dada a axilidade e apoios ao usuario que facilita este método de recollida de información, será considerado como preferente e especialmente potenciado en todos os contactos cos informantes.

Cada unidade mostral disporá dunha clave de acceso ou invitación electrónica específica para cumprimentar o seu cuestionario, que lle permitirá acceder ao formulario correspondente personalizado para a súa empresa cos datos de Identificación.

Do mesmo modo, o usuario poderá optar por cubrir o cuestionario web en diferentes sesións para a súa comodidade.

Unha vez o informante considere o cuestionario cumprimentado na súa totalidade, “enviarao” e os datos se incorporarán á matriz de datos provisional do software web, conxuntamente cos avisos e erros xerados para facilitar o labor de supervisión.

b) Vía postal

Tras a recepción do cuestionario emitido na fase previa, a empresa pode optar por remitir por correo postal o cuestionario recibido anteriormente nun sobre prefranqueado que se engade no envío de material.

Os cuestionarios cubertos, tras unha primeira supervisión inicial, serán introducidos no sistema integrado de recollida de datos e procederase a iniciar a fase de supervisión e posterior validación da información.

C) Vía postal electrónica

A través dun buzón de correo electrónico que se habilite para facilitar a comunicación coas empresas informantes, será posible a recepción de cuestionarios cumprimentados en formato dixital (pdf editable).

d) Faxes 900

Disporase deste medio de transmisión preferentemente para a recepción de cuestionarios cumprimentados ou para realizar os segundos ou sucesivos envíos de documentación se a empresa o precisa. Este servizo gratuíto estaría operativo 24 horas ao día para a recepción de cuestionarios.

e) Enquisa persoal

Se o informante prefire responder á enquisa persoalmente, concertarase telefonicamente unha cita coa empresa e un entrevistador, dirixirase á dirección especificada para apoiar a cumprimentación do cuestionario, recoller a entrevista, realizando os controis sobre a cobertura e coherencia.

f) Enquisa telefónica asistida por ordenador (CATI)

Outra vía de resposta que se ofrecerá aos informantes basease na aplicación da enquisa telefonicamente, utilizando o Sistema CATI, aínda que dado o carácter e calidade da información a subministrarse, non constituiría un sistema de recepción prioritario. Nesta caso, o soporte informático sería común ao empregado como soporte de gravación e recollida de Información vía web.

Sen prexuízo do anterior, se un informante prefire especificamente este método, unha vez verificada a recepción da documentación concertarase unha cita telefónica para realizar a enquisa.

Reforzos para maximizar a resposta

Co obxectivo de obter a maior cobertura de resposta no traballo de campo e axilizar os procesos, realizarase traballo de apoio telefónico para as seguintes tarefas inherentes á correcta cobertura do cuestionario e obter a cobertura mostrada desexada:

- Verificar a recepción do material informativo da Enquisa e do cuestionario.
- Información complementaria sobre os obxectivos da Enquisa
- Resolución de dúbidas e consultas para a correcta cumplimentación dos datos
- Reclamación dos cuestionarios
- Resolución de inconsistencias
- Solicitud de datos ausentes logo da gravación e antes da validación dos cuestionarios

Gravación da información

A gravación dos datos da Enquisa realizarase nun soporte de gravación que permita a xestión integral das enquisas, compartindo a estrutura e controis co formulario web. A aplicación sobre a que se basea o deseño do cuestionario e a gravación de datos permitirá a introdución da estrutura do formulario de modo totalmente interactivo, baseándose en dous conceptos básicos:

- espazos de texto (que conteñen as preguntas do cuestionario, as instrucións e indicacións para o entrevistador e notas aclaratorias)
- e espazos de resposta (que conteñen os datos de identificación e tipoloxía das variables, os códigos de resposta e restante información para o seu traslado á matriz de datos).

Este campo de resposta constará dun nome (identificador da variable no ficheiro de datos), que permita identificala para os controis, filtros, saltos, etc,

O dato que se introduce en cada variable pode ser:

- Nominal
- Múltiple
- Numérica métrica
- Numérica ordinal
- Alfanumérica
- Data
- Hora
- Expresión aritmética (permite recoller cálculos entre campos xa cubertos, por exemplo para control sobre cantidades).
- Aleatorio (recolle un número para facer seleccións de bloques de preguntas ou preguntas individuais).

Controis de calidade

Control de recepción de documentación

A totalidade das unidades informantes serán contactadas antes de emitir o mailing de lanzamento do traballo de campo, e posteriormente tras o período necesario para a recepción da documentación.

Por outro lado, a aplicación de seguimento ou Folla de Ruta informará acerca das posibles incidencias, o que permitirá actuacións específicas de reenvío, pero tamén permitirá determinar parámetros que poidan compartir tal incidencia (tipo de actividade, localización xeográfica, etc.).

Control de calidade da gravación

Os cuestionarios recibidos en soporte papel (correo postal, electrónico, fax) grávanse na aplicación software. Estes controis serán comúns a todos os cuestionarios introducidos ao sistema.

Sobre calquera das variables do cuestionario, realizaranse os pertinentes controis de calidade da información introducida, que se poden resumir en dous grandes tipos:

Controis de rango

Os controis de rango son definidos no momento de creación do cuestionario e consisten basicamente en dous grandes grupos:

- Resposta non permitida. En variables nominais e múltiples, onde os códigos de resposta son pechados, non permite marcar unha opción non predefinida no deseño do cuestionario.

- Resposta fóra de intervalo, acotando por exemplo o máximo e o mínimo que pode adquirir o valor dunha variable concreta (idade, datas, etc.) sobre a que, ademais tamén se poden realizar operacións aritméticas de contraste (ex. suma= total)

Controis de fluxo

Consiste en controis sobre os fluxos na matriz de datos a medida que esta é xerada, introducindo no momento do deseño as condicións necesarias para que se asimile polo sistema como un erro, a advertencia que producirá no operador e o resultado que lle queira dar (continuar coa gravación ou paralizala).

- Controis sobre a variable: establece unha serie de condicións para a consistencia dos datos. Por exemplo, non permite gravar unha resposta se non ten contestada unha pregunta anterior ou non contén un valor válido, limita a cantidade de díxitos que pode admitir a variable, etc.

- Controis sobre a pertinencia mostral, baseados nunha táboa auxiliar onde consten as empresas a entrevistar por ese soporte (enquisador, codificación da empresa), e onde se poden recoller igualmente as vinculacións entre rexistros (empresa titular e substituta, por exemplo)

- Controis sobre a coherencia da estrutura, que se realizan normalmente ao terminar a entrevista por parte do operador e que permiten comprobar --a modo de primeira depuración-- se existen preguntas que non foron contestadas ou con valores non coherentes, por exemplo respecto a unha táboa auxiliar.

Control de consistencia da información nos cuestionarios.

A totalidade dos cuestionarios recibidos por correo postal, electrónico, ou fax serán revisados manualmente á súa chegada a gabinete para coñecer a súa consistencia aparente: verificación da pertinencia da unidade mostral, comprobación da súa cobertura mínima, datos de contacto, etc.

Unha vez revisados, de resultar conformes á información mínima requirida, e sempre que contén cos datos de contacto da unidade mostral ou se poidan obter na información que o sistema dispón acerca desa unidade, gravaranse na aplicación software, que unifica na matriz de datos todos os cuestionarios recepcionados, independentemente da vía de recepción.

No caso dos cuestionarios cumprimentados telefonicamente introducíranse directamente no soporte de gravación, compartindo os controis específicos sobre o contido do cuestionario e identificación de erros e inconsistencias. Estes, os cuestionarios recibidos vía web, serán sometidos a un proceso de revisión idéntico aos recepcionados vía correo postal, fax ou correo electrónico, de forma que poidamos garantir a existencia da información mínima para poder xestionar a potencial información deficitaria no cuestionario.

De ser precisa a aclaración dalgún contido e/ou comprobación dalgún dos parámetros de consistencia, solicitarase a información deficiente e/ ou emenda de eventuais dúbidas de consistencia da información.

Tras o proceso de gravación no soporte informático único, os cuestionarios serán trasladados a un proceso de depuración.

Depuración e validación da información

Desde a posta en marcha do traballo de campo ata a finalización desta fase, os cuestionarios gravados correspondentes serán depurados co obxecto de corrixir os posibles erros. Esta depuración consiste en comprobar se os cuestionarios e se as respostas son coherentes e axustadas aos criterios establecidos.

Unha vez que cada cuestionario foi depurado e validado incorpórase á matriz de datos para o seu tratamento específico.

O control de validación aplicarase sistematicamente sobre as variables máis significativas, e aleatoriamente sobre os restantes apartados do/dos cuestionario/s, baseándose na comparabilidade da información con edicións precedentes, na información contida no marco (actividade, número de traballadores/as, etc.) ou relativa ao conxunto de unidades mostrais de similares características.

Unha vez xerada a matriz de datos levarase a cabo un conxunto de tratamentos que expoñemos a continuación, e que son executados mediante tabulacións específicas no paquete estatístico SPSS.

- Control de cobertura da totalidade do cuestionario. Búscanse posibles entrevistas que presenten unha estrutura truncada no ficheiro de datos.
- Control da identificación de estrato xeográfico e mostral: codificacións de empresa, actividade, traballadores/as, etc.
- Cálculanse, para cada estrato mostral, os valores medianos das variables numéricas.
- Aplicación do test da mediana e listados de preguntas numéricas que excedan de determinados valores.
- Creación de ficheiros definitivos con resúmenes de todos os cuestionarios.
- Creación de ficheiros de táboas.
- Análise de táboas de resultados

Deseño da explotación dos datos do rexistro

O Plan de explotación materializarase nunha sintaxe informática para o paquete estatístico SPSS, que contemplará todas as variables do cuestionario, agrupadas nos diferentes bloques nos que se estrutura a análise dos datos.

En caso de ser necesario por desaxustes entre a mostra teórica e real, procederíamos previamente á ponderación do ficheiro de datos, ao obxecto de contar coas proporcións adecuadas de empresas nos diferentes estratos que configuran a mostraxe.

Os resultados numéricos recollerán absolutos e frecuencias de cada unha das variables que compoñen o cuestionario, así como aquelas variables creadas a partir de variables primarias (por ex. Disponibilidade de Software libre, tanto en ordenadores como en servidores)

Sobre cada unha das variables existentes e creadas realizaranse as táboas de continxencia bivariadas pertinentes, tendo en conta as variables explicativas competentes no caso das empresas tecnolóxicas: provincia da empresa, actividade á que se adica, condición xurídica e volume de emprego.

O resultado desta explotación estatística terá como formato unha folla de cálculo, cos indicadores ordeados segundo a súa orde de aparición no cuestionario. Este documento constitúe a base para a confección das restantes análises e documentos.

Posteriormente, desenvolveranse as seguintes tarefas:

- Evolucións dos indicadores da Sociedade da Información nas empresas TIC e comparativas co seu contorno.
- Análise global da información.
- Selección e concreción dos resultados a plasmar no Diagnóstico.
- Creación de táboas e gráficas que dean soporte á información.
- Análise detallado da información.

Finalmente, na web do OSIMGA www.osimga.org, difundirase o seguinte documento:

1. As Empresas TIC de Galicia - Táboas estatísticas: Trátase dun documento onde se relacionan os datos estatísticos dun conxunto seleccionado de preguntas do cuestionario. No anexo a este proxecto especificase a táboa estatística que se publicará anualmente. Este documento incluírá o anagrama do Plan Galego de Estatística.

Esta estatística terá unha periodicidade anual

2. “Diagnóstico ás empresas TIC de Galicia”.

Trátase dun informe extenso onde se detallan os resultados da investigación expoñendo e analizando os datos acadados máis relevantes a nivel global e a nivel desagregado. Este informe publicarase no último trimestre de cada anualidade.

A estrutura do informe configurarase en diferentes capítulos iniciados por breves resúmenes de contidos. Exporanse os resultados ordenadamente por bloques temáticos, analizando cada

unha das táboas e gráficas incluídas nun contexto global e evolutivo respecto da información precedente e indicadores comparativos co conxunto do Estado, nun formato gráfico susceptible de divulgación.

Anexos

Anexo I: Cuestionario

Anexo II: Táboas estatísticas

ENQUISA Á EMPRESAS TIC SOBRE A SOCIEDADE DA INFORMACIÓN EN GALICIA. ANO 2013

Nº CUESTIONARIO (Non cubrir)

--	--	--	--

IDENT: / /

Solicitamos a súa colaboración, mediante a cobertura deste cuestionario, garantíndolle total confidencialidade. Pode proceder á súa cobertura mediante os seguintes métodos:

- Para cubri-lo na web, por favor, chame ao teléfono gratuito 900 103 074 ou soliciteo no buzón electrónico enquisasSI@sondaxe.com e lle enviaremos por correo electrónico un enlace exclusivo para a súa empresa e/ou un formato do cuestionario editable no ordenador.
- Nesta versión en papel, remitíndonola por correo, mediante o sobre de resposta que se achega.
- Enchendo este cuestionario en papel e enviándoo cuberto ao fax gratuito: 900 103 075

De cara á solución de calquera dúbida que poida xurdir, tamén lle facilitamos o seguinte teléfono de consulta gratuito: 900 103 074 ou o correo electrónico: enquisasSI@sondaxe.com. Informámolo/a, ademais, que para axudalo/a na cumprimentación dos datos un/ha axente entrevistador/a acudiría á sede da empresa. Agradecemoslle de antemán a súa colaboración.

0.1 MÓDULO DE IDENTIFICACIÓN

Nome ou razón social da empresa: _____ CIF _____

Enderezo: _____

Concello: _____ Provincia: _____ Código Postal: _____

Teléfono: _____ Fax: _____

Correo electrónico: _____ Páxina web: _____

Como pode comprobar, o cadro superior 0.1. recolle os datos de identificación da empresa cos que se conta. Pregámoslle que no seguinte cadro os posibles erros ou cambios producidos que figuren nos datos anteriormente apuntados. Por favor, empregue sempre letras maiúsculas.

0.2 MÓDULO DE IDENTIFICACIÓN PARA POSIBLES CORRECCIÓNS

Nome ou razón social da empresa: _____ CIF _____

Enderezo: _____

Concello: _____ Provincia: _____ Código Postal: _____

Teléfono 1: _____ Teléfono 2: _____ Fax: _____

Correo electrónico: _____ Páxina web: _____

Tipo

Persoa de contacto (a quen dirixirse, en caso necesario, para consultas ou aclaracións sobre este cuestionario) _____

Cargo que ocupa na empresa: _____

Teléfono: _____ Fax: _____

Correo electrónico: _____ @ _____

Cráterios de cobertura: O cuestionario divídese en dous tipos de preguntas: as preguntas con recadros en branco e as preguntas que xa traen números. As preguntas con recadros cubri-ranse anotando as cifras que se solicitan, de xeito que, se a resposta é negativa, hai que pór un "0". As preguntas con números cubri-ranse redondeando o número asignado á resposta que corresponda. Cando a resposta non se adapte a ningunha das categorías contempladas, deberá marcar a resposta "Outra" ou "Outros" e, se se pide "especificar", escribir a resposta literalmente. Por favor, escriba con letras maiúsculas.

É importante contestar todas as preguntas, excepto naqueles casos nos que unha resposta dada obrigue, como se indica, a saltar algunha para continuar noutra máis adiante.

A DATOS XERAIS DA EMPRESA

P.1. Por favor, indique o código CNAE (EN BASE Á CODIFICACIÓN 2009) da actividade principal que xera maior valor engadido ou, no seu defecto, maior cifra de negocios para a empresa:

26.11- Fabricación de compoñentes electrónicos	1
26.12 - Fabricación de circuitos impresos ensamblados.....	2
26.20- Fabricación de ordenadores e equipos periféricos.....	3
26.30 - Fabricación de equipos de telecomunicacións.....	4
26.40 - Fabricación de produtos electrónicos de consumo	5
26.80 - Fabricación de soportes magnéticos e ópticos.....	6
46.51- Comercio por xunto de ordenadores, equipos periféricos e programas informáticos.....	7
46.52 -Comercio por xunto de equipos electrónicos e de telecomunicacións e os seus compoñentes	8
58.21- Edición de videoxogos	9
58.29- Edición doutros programas informáticos	10
61.10 - Telecomunicacións por cable.....	11
61.20- Telecomunicacións sen fíos	12
61.30 - Telecomunicacións por satélite.....	13
61.90 - Outras actividades de telecomunicacións	14
62.01- Actividades de programación informática	15
62.02- Actividades de consultoría informática	16
62.03- Xestión de recursos informáticos	17
62.09- Outros servizos relacionados coas tecnoloxías da información e a informática.....	18
63.11- Procesos de datos, hosting e actividades relacionadas.....	19
63.12- Portais web	20
95.11- Reparación de ordenadores e equipos periféricos.....	21
95.12- Reparación de equipos de comunicación	22

P.2. Por favor, indique a condición xurídica (titularidade) da súa empresa:

Persoa física.....	1
Sociedade Anónima.....	2
Sociedade de Responsabilidade Limitada.....	3
Sociedade cooperativa.....	4
Outras formas xurídicas.....	5

P.3. A súa empresa forma parte dun grupo empresarial?

- Si.....1
- Non.....2

P.4.a Tendo en conta a ubicación dos seus centros produtivos, a súa é unha empresa...

Galega.....	1
Estatal con sede en Galicia.....	2
Multinacional con sede en Galicia.....	3
Estatal con establecementos en Galicia.....	4
Multinacional con establecementos en Galicia	5

Contestar P.4b só no caso de que a sede principal estea en Galicia (P.4.a=1,2,3). En caso contrario pasar a P.5

P.4.b Se a súa sede principal está en Galicia, indique a provincia:

A Coruña.....	1
Lugo.....	2
Ourense.....	3
Pontevedra.....	4

B INFORMACIÓN ECONÓMICA E DE ÁMBITOS DE MERCADO

ATENCIÓN: A PARTIR DESTE PUNTO FARASE REFERENCIA CONSTANTE Á "CIFRA DE NEGOCIO". DEBE ENTENDER ESTA COMO O VOLUME DE VENDAS, SEN COMPUTAR O IVE, ALCANZADO POLA EMPRESA DURANTE UN EXERCICIO ANUAL.

P.5. Pois ben, podería indicar a evolución da cifra de negocio da súa empresa nos exercicios 2010, 2011 e 2012? (€ sen decimais). No caso de que a súa empresa posúa establecementos fóra de Galicia, considere tamén a cifra de negocio xerada polos mesmos.

ANO 2010	ANO 2011	ANO 2012
€	€	€

Continuar en P.6 SÓ se ten establecementos fóra de Galicia (P.4.a ≠ 1); en caso contrario continuar en P.7.

P.6. E desa cifra de negocio para 2012, cal sería a distribución en porcentaxe xerada por establecementos da empresa en Galicia e fóra de Galicia?

Galicia.....	<input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> %
Fóra de Galicia.....	<input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> %
TOTAL.....	100 %

P.7. En termos relativos, cal é a distribución aproximada en porcentaxe da cifra de negocio xerada polos establecementos en Galicia durante 2012 segundo o emprazamento dos clientes?

Galicia.....	<input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> %
Resto de España.....	<input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> %
Resto da Unión Europea.....	<input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> %
Resto do mundo.....	<input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> %
TOTAL.....	100 %

P.8. E tamén en termos relativos, cal é a distribución da cifra de negocio xerada polos establecementos en Galicia durante 2012 segundo os distintos tipos de clientes?

Xunta de Galicia.....	<input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> %
Concellos e deputacións galegas.....	<input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> %
Administración Pública non galega.....	<input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> %
Empresas	<input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> %
Profesionais.....	<input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> %
Particulares.....	<input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> %
Total.....	100 %

C PERSOAL

Contestar P.9 e P.10 só no caso de que sexa unha PERSOAL FÍSICA (P2=1). En caso contrario pasar a P.11

P.9. Cal é o xénero do titular da empresa?

Home..... 1 Muller.....2

P.10. E a súa titulación?

Titulación TIC Superior (Enxeñaría en Informática ou Telecomunicacións, Física ou similar)	1
Titulación TIC Media (Enxeñaría técnica en Informática ou similar)	2
Titulacións superiores ou medias non TIC.....	3
Ciclos formativos superiores ou FP II no ámbito TIC.....	4
Ciclos formativos medios ou FP I no ámbito TIC.....	5
Outras.....	6

- Continuar na P.11 -

ATENCIÓN: No sucesivo, as preguntas fan referencia aos establecementos ou á actividade que desenvolve a súa empresa en Galicia

P.11. Indique o intervalo no que se sitúa o número de traballadores / as da súa empresa (conta allea + conta propia):

Sen asalariados/as.....	1 (Saltar a P.15)
De 1 a 2 asalariados/as.....	2 (Continuar na P.12.a)
De 3 a 9 asalariados/as.....	3 (Continuar na P.12.a)
De 10 a 49 asalariados/as.....	4 (Continuar na P.12.a)
De 50 a 249 asalariados/as.....	5 (Continuar na P.12.a)
De 250 ou máis asalariados/as.....	6 (Continuar na P.12.a)

ATENCIÓN: SE A EMPRESA NON TEN TRABALLADORES (POR CONTA ALLEA E/ OU PROPIA) PASE Á PREGUNTA P15;

EN CASO CONTRARIO CONTINUÉ.

P.12.a. Con cantos/as traballadores/as conta (media anual)? (Cadro de persoal -a tempo completo ou parcial, temporais e indefinidos/as, etc..)

	Homes	Mulleres	TOTAL
Traballadores/as por conta allea			
Traballadores/as por conta propia			
